XUNTA DE GALICIA | CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES

Unión Europea NextGenerationEU

GOBIERNO DE ESPAÑA | MINISTERIO DE EDUCACIÓN Y FORMACIÓN PROFESIONAL

Probas de acceso a ciclos formativos de grao medio

CMPS002

# Lingua galega

Parte sociolingüística

# 1. Formato da proba

## Formato

- A proba consta de dous textos e vinte cuestións tipo test, distribuídos deste xeito:
  - Texto 1: cinco cuestións tipo test.
  - Texto 2: cinco cuestións tipo test.
  - Bloque de dez cuestións tipo test.
- As cuestións tipo test teñen tres posibles respostas das que soamente unha é correcta.

## Puntuación

- 0,50 puntos por cuestión tipo test correctamente contestada.
- Cada cuestión tipo test incorrecta restará 0,10 puntos.
- Polas respostas en branco non se descontará puntuación.
- No caso de marcar máis dunha resposta por pregunta considerarase como unha resposta en branco.

## Materiais e instrumentos que se poden empregar durante a proba

- Bolígrafo con tinta negra ou azul.

## Duración

- Este exercicio terá unha duración máxima de 50 minutos.

# 2. Exercicio

## Texto 1

**Millóns de abellas son transportadas en camións nos Estados Unidos da América**

Cada ano, o 90% das colmeas dos Estados Unidos é transportado en camións ás megaplantacións de amendoeiras en flor de California. Nese lugar prodúcese o 80% das améndoas do planeta, unha industria agrícola colosal que viviu un auxe nas dúas últimas décadas, e cuxas colleitas dependen dunha man de obra moi particular: abellas chegadas de todos os recantos do país.

Amontoadas en grandes remolques, e cubertas de tea para non poderen escapar polo camiño, uns dous millóns de colmeas chegan a California por estrada para polinizar amendoeiras. Algunhas empezaron a súa 'migración' na solleira Florida, a tres días de viaxe en camión. Outras chegan desde estados máis fríos, onde no outono son almacenadas en naves industriais con calefacción.

Nada máis chegaren, as abellas melíferas póñense a traballar, colleitando pole e néctar para alimentar a colmea, polinizando amendoeiras sen parar durante o mes que dura a floración. Grazas a esa actividade frenética, as árbores darán froito e os agricultores financiarán a longa viaxe.

A polinización, un dos procesos máis delicados da natureza, converteuse nos Estados Unidos nunha peza chave da industria das améndoas: só así se pode soster a expansión destes cultivos en California, que pasaron de cubrir 250.000 hectáreas no ano 2000 a 663.000 hectáreas en 2021, segundo os datos do sector.

"A polinización de amendoeiras é a maior fonte de ingresos para moitos apicultores", conta a economista agraria Brittney Goodrich. Segundo os seus cálculos, baseados en datos oficiais, en 2020 os apicultores dos Estados Unidos cobraron 460 millóns de dólares por daren este servizo esencial aos agricultores, pero só produciron 300 millóns de dólares en mel. O labor destas abellas é un dos piares que sostén o sector, criticado polo uso masivo de auga, e que en 2022 alcanzou un valor de 5.030 millóns de dólares.

*[https://www.eldiario.es/ballenablanca/economia/millones-abejas-transportadas-camion-sostiene-california-80-mercado-mundial-almendras_1_10097367.html]*

### 1. Segundo o texto, cal é a información **correcta**?

**A** En vinte e un anos a superficie cultivada aumentou catrocentas trece mil hectáreas.

**B** En California prodúcese o noventa por cento das améndoas a nivel mundial.

**C** O oitenta por cento dos trobos é trasladado aos campos de amendoeiras en flor.

## 2. Segundo o texto, as abellas:

**A** Están nos Estados Unidos só durante un tempo e despois regresan aos seus países de orixe.

**B** Van en camións desde Florida durante días ata chegaren aos campos da costa atlántica.

**C** Son levadas a California desde diferentes lugares para polinizaren as amendoeiras en flor.

## 3. Segundo o texto, cal é a información **falsa**?

**A** Os apicultores obteñen máis beneficios por prestar as abellas que por producir mel.

**B** Os agricultores son persoas que crían abellas co fin de aproveitar os seus produtos.

**C** Só o 10 % das colmeas dos Estados Unidos non se transportan a California.

## 4. Na palabra *"megaplantacións"* (liña 2ª) o elemento de orixe grega *mega* – significa:

**A** Altas.

**B** Grandes.

**C** Poucas.

## 5. Segundo o texto, a palabra "*frenética*" (liña 13ª) refírese a unha actividade que se:

**A** caracteriza por unha intensa e violenta excitación.

**B** centra no aspecto económico e social do traballo.

**C** repite de xeito mecánico para multiplicar o rendemento.

## Texto 2

### Día das Letras Galegas 2023

Nos meus días de adolescencia viaxei arreo desde Lourenzá polas terras dos concellos veciños. Sendo estudante de bacharelato andei a percorrer no coche de liña a estrada que unía Vilanova [de Lourenzá] con Mondoñedo e Vilalba. Ía por ela a Lugo para me examinar no instituto. A mesma estrada, en ruta descendente, ligaba Lourenzá con Ribadeo e Oviedo. Adoitaba collela nos meses estivais ata o desvío que me levaba á vila mariñeira de Foz (...). Foron moi frecuentes na miña primeira mocidade as idas a Mondoñedo. Por veces mesmo a pé seguindo o atallo tradicional (...).

Non eran soamente persoas maiores coas que eu batía no taboado vilego [de Lourenzá]. Nel cobraban tamén presenza rapaces da miña idade. Compartía con eles xogos e brincadeiras. Despois de saír da escola entretiñámonos co irio ario, o tirafondas, os muíños de vento (...), competindo en campionatos de pelota nos que nos valía de frontón a longa parede da igrexa que daba á Alameda (...).

Coincidíamos en romarías nas que a música e os bailes duraban ata a noite. Unha vez ao ano os señores graves abrían paréntese aos seus costumes cotiáns. Os cafés abrían as súas portas acolledoras a propios e forasteiros. Os salóns convertíanse en estoxos onde brillaba a mocidade (...).

Andaba a facer daquela os primeiros estudos do bacharelato. Na serea quietude da paz caseña, lía, matinaba, paseaba, soñaba (...). Á marxe dos xogos e brincadeiras cos rapaces da vila [de Lourenzá], compracíame ler libros de literatura infantil. Engaiolábame A illa do tesouro de R. L. Stevenson. Proseguía sobre as páxinas de todos eles, os ensoños, as doces quimeras, as imaxinacións. Cando cansaba de ler saía ao campo só e subía aos montes veciños. Os montes estaban preto da vila. Cumpría atravesar a beira de terras labradas. Gorentábame, entre outras tantas cousas, escoitar o variado rechouchío dos paxaros.

*Francisco Fernández del Riego, Lourenzá, Editorial Galaxia, 2022 (adaptación)*

**6.** Segundo o texto, cal é a afirmación **correcta**?

**A** Despois de rematar o bacharelato instalouse na capital da provincia para seguir estudando.

**B** Antes da adolescencia viaxaba con frecuencia en autocar polas estradas da contorna.

**C** Cando era alumno desprazábase de modo continuo e realizaba actividades con outros rapaces.

## 7. Segundo o texto, Francisco Fernández del Riego:

**A** Viaxaba a pé e en autobús durante o curso e mais nos meses das vacacións para ir á costa.

**B** Atopaba rapaces e persoas maiores coas que xogaba antes de iren ás romarías de noite.

**C** Percorría en coche as estradas da bisbarra para ir aos bailes que duraban ata o amencer.

## 8. Segundo o texto de Francisco Fernández del Riego, cal é a afirmación **falsa**?

**A** As actividades lúdicas dos rapaces consistían en divertirse con xogos e acudir ás romarías.

**B** Os duros estudos de bacharelato mantíñano afastado dos xogos, as viaxes e as festas.

**C** Algunhas obras literarias encantábanlle e gustáballe moito o chío continuado das aves.

## 9. A palabra *"quimera"* (liña 20ª) significa:

**A** Perturbación propia dun estado febril, que se caracteriza por alteracións da consciencia, alucinacións e delirios.

**B** Conxunto de visións mentais que unha persoa imaxina durante o sono, percibíndoas como se fosen reais.

**C** Idea que un forma de algo ou cousa que un imaxina como posible pero que non ten relación coa realidade.

## 10. A palabra *"engaiolar"* (liña 19ª) significa:

**A** Causar noxo e repugnancia nunha persoa.

**B** Exercer sobre alguén un encanto irresistible.

**C** Enfeitizar a alguén por medios máxicos.

## Bloque de cuestións

**11.** Cal destas oracións contén un **hiperenxebrismo** (modificación artificial de certas palabras propias dun idioma para diferencialas das formas coincidentes noutra lingua)?

**A** O goberno vai desarrollar a industria do país.

**B** As persoas sinceiras actúan sen enganar a ninguén.

**C** Os supervisores puxéronlle moitos inconvenientes.

**12.** Cal é a serie de palabras **correcta**?

**A** Folgazana, anciá, benxamina, leoa, toleirana, bretoa.

**B** Abusona, castroa, bretona, cabruna, amazoa, aldeana.

**C** Bailarina, vacuna, lamboa, afgana, anciana, xudea.

**13.** Cal é a serie de palabras correctamente acentuada?

**A** Kaiser, amou, marsupiais, recibiu, minguei, españóis.

**B** Puido, fiuncho, suizo, anunciéi, cambióu, ademáis.

**C** Truán, guión, diúrno, cóidase, muíño, amábeis.

**14.** Cal é a serie de palabras **correcta**?

**A** Pósteres, funís, gánsteres, papeis, júniores, hippies.

**B** Papeles, túneis, hippys, faxes, bocoies, pósters.

**C** Gánsters, funiles, coñás, júniors, difíceis, álbumes.

**15.** Cal é a serie de palabras **correcta**?

**A** Silencio, andazo, acacia, preguiza, chapeu, freo.

**B** Traición, desgracia, precio, lección, freno, pazo.

**C** Cansancio, diferencia, donación, sentencia, bacalao, xudío.

**16.** Cal é a afirmación **correcta**?

**A** O pronome persoal átono pode utilizarse con verbos transitivos: *Eu cominme unha mazá hoxe*.

**B** Algúns verbos contan cun participio regular e outro irregular: *acendido/aceso, enxugado/enxoito*.

**C** O uso do infinitivo como imperativo é correcto: *Pedir a un compañeiro que vos axude*.

**17.** Cal é a oración correctamente escrita?

**A** O automóvil iva bruando pola autovía da veira do mar en dirección á maravillosa casa da praia.

**B** O abogado que vivía na riveira do lago traballou para os meus abós ata o día da súa voda.

**C** Os venres ía pola beira do río e apañaba herbas, bichos e bolboretas que gardaba na caixa vermella.

**18.** Cal é a oración que contén unha **perífrase aspectual** que expresa **inicio dunha acción**?

**A** Deu en berrar como unha tola.

**B** Vou facer a comida para a familia.

**C** Vén de darme a noticia agora.

**19.** Cal é a oración que contén un **uso correcto** dos pronomes persoais átonos?

**A** Me tes que traer o libro novo.

**B** Tróuxomo cando llo pedín.

**C** Se lo dixen onte pola tarde.

**20.** Cal é a oración que contén un **uso correcto** do xerundio?

**A** Cartel anunciando un produto.

**B** Aprobou inglés estudando.

**C** Decreto regulando o horario.

## 3. Solución para as preguntas tipo test

| Nº | A | B | C | |
|---|---|---|---|---|
| 1 | X | | | |
| 2 | | | X | |
| 3 | | X | | |
| 4 | | X | | |
| 5 | X | | | |
| 6 | | | X | |
| 7 | X | | | |
| 8 | | X | | |
| 9 | | | X | |
| 10 | | X | | |
| 11 | | X | | |
| 12 | X | | | |
| 13 | | | X | |
| 14 | X | | | |
| 15 | X | | | |
| 16 | | X | | |
| 17 | | | X | |
| 18 | X | | | |
| 19 | | X | | |
| 20 | | X | | |

| | |
|---|---|
| N.º de respostas correctas (C) | |
| N.º de respostas incorrectas (Z) | |
| Puntuación do test= C×0,5-Z×0,10 | |

**Nas preguntas de test, por cada resposta incorrecta descontaranse 0,10 puntos.**
**As respostas en branco non descontarán puntuación.**